



## MOITO QUE TRABALLAR ESTA SEMANA

Nesta xornada rescatamos a vitoria dos xuvenís e a boa imaxe dos infantís pese a derrota. Modestos e cadetes foron a cruz da moeda. Analizamos a pasada xornada:

**MODESTOS:** Derrota e golpe moral en Cerdido onde caeron derrotados ante o Cebarca. Toca levantar o ánimo esta semana para afrontar os seguintes compromisos da mellor maneira posible.



**XUVENÍS:** Vitoria importante en Cedeira para coller moral e subir postos na clasificación xeral.

Agardemos que os xuvenís atopen a regularidade nos seguintes compromisos.

**CADETES:** Terceira derrota consecutiva. Desta vez foi o Galicia de Caranza &quot;B&quot; o que aproveitou o bache dos nosos cadetes para levarse tres puntos de Prados Vellos. Toca reaccionar para non perder de vista a cabeza da competición.

**INFANTÍS:** Derrota ante un dos equipos chamados a loitar polo título, o Portuarios. Boa imaxe dos infantís neste partido onde deron guerra ata o final do mesmo.

**FÚTBOL - 8:** Vitorias dos alevíns ante o Racing San Pedro e dos prebenxamíns ante o Neda; ambos en Prados Vellos. Os benxamíns xogaron un bo partido en Aneiros ante o Portu &quot;B&quot; pese a caer derrotados. Pese o mal tempo, gran asistencia de nenos a todos os partidos do fútbol - 8. Temos saúde.

**BIBERÓNS:** Bonito e divertido o que xogaron Numancia e Cabañas no pavillón de Ares na competición AFACO de fútbol - 6 biberón.

En resumo, mala xornada en canto a resultados para os equipos do Numancia. Estamos seguros que co traballo semanal, xuvenís e infantís seguirán na boa línea e os potentes equipos de cadetes e modestos volverán o bo nivel que nos tiñan acostumados. ¡¡¡A traballar duro con ou sen cicloxénesis explosivas¡¡¡

O NUMANCIA SOMOS TOD@S

¡¡¡AUPA NUMANCIA¡¡¡